

# **FERVENZAS DE OURENSE**

**férvedas, fírvedas, freixas, fechas, ficheiras, chorreiras, chorredeiras,  
cadoiros, saltos, cataratas, cachóns, abanqueiros, cachoeiras,  
ruxidas, ruxidoiras, rexedoiras, cenzas, censas, caeiras, pincheiras,  
seimas, seimeiras, pesqueiras...**



**Adela Leiro Lois, Mon Daporta Padín  
Abril-2018 (actualizado)**

# O RIBEIRO



## XUBÍN



No lugar de Xubín da parroquia de Razamonde (concello de Cenlle). O rego de Xubín, Lavandeira ou da Freixa é un afluente do Miño que nace en Salamonde (San Amaro), percorre este concello e entra en Cenlle onde se xunta co Miño. No tramo final cae desde o planalto e forma rápidos, pozas e fervezas. Ten un desnivel de 40 m en rochas graníticas e neis. A contorna está moi deteriorada por unha canteira.

### COMO CHEGAR:

Na estrada N-120 de Ourense a Vigo, en Xubín, cóllese unha estrada á dereita que remata na entrada dunha canteira de propiedade privada. So se pode acceder polo interior da canteira. Vese desde a autovía.

## REGO DAS FRAGAS



Na vertente oriental da Serra do Suído, na parroquia de Abelenda do concello de Avión. As augas que se xuntan na serra do Suído na súa vertente ourensá caen en numerosas fervezas que forman parte das nacentes do río Avia. A ferveza das Fragas é a máis alta e cae dun desnivel de 60 m.

### COMO CHEGAR:

Desde Avión cóllese a estrada a Mouriscados (parroquia de Abelenda) e séguese a Boeixos. Xusto na entrada, antes das primeiras casas hai un cartel coa ruta indicada. Deixamos o coche e subimos ata a primeira casa da dereita, e por diante dela seguimos o camiño ata uns muíños; alí sóbese á esquerda para coller a pista de arriba que segue a levada ata o pé da ferveza.

Distancia: 1.500 m (ida e volta)

### REGO DE RIOBÓ



Un afluente do rego das Fragas, en Mouriscados (Abelenda- Avión).  
**COMO CHEGAR:**  
En Mouriscados, antes de cruzar a ponte do río vaise por detrás do Centro Social seguindo polo monte con coidado.  
Distancia: 400 m (ida e volta)

### RODEIRO



En Rodeiro (Abelenda- Avión).  
Nun rego afluente do Baluga que cae do Suído nun forte desnivel no que hai dúas caídas de gran altura, unha de case cen metros e outra de máis de 50.  
**COMO CHEGAR:**  
No arranque da súbida ao Suído, detrás da Casa do Pobo, vese o salto inferior e, con dificultade, pódese achegar ata un punto onde se ve unha panorámica. Subindo pola estrada que vai aos chozos a partir da segunda revolta da estrada á esquerda pódese ver parte do salto de máis arriba.

### POZO NEGRO



No lugar de Cernadas (Avión). No río Cubelo ou Valdeiras, que forma un estreito e fondo canón no que hai varios saltos e rápidos. O máis importante é o que cae no Pozo Negro.  
**COMO CHEGAR:**  
Desde Avión cóllese a estrada a Cernadas e pasada a localidade, na primeira revolta da estrada sae unha pista á esquerda que pasa por un depósito de auga. Alí déixase o coche e, seguindo o camiño uns 600 m vense as fervezas.

### TOURÓN



No río Cerves (Miño), na parroquia e concello de Melón.  
Está formada por tres saltos que en total salvan un desnivel de 100 m. Está rodeada de amieiras e salgueiros, e castiñeiros e carballos na parte máis alta.  
**COMO CHEGAR:**  
Na estrada Vigo-Ourense, cóllese o cruce fronte ao mosteiro de Melón e despois de 2 km cóllese un camiño á dereita que nos leva á ferveza en 15 minutos andando.  
Hai unha ruta acondicionada.  
Nas proximidades hai outras fervezas.



### MESTAS



En Melón. No río Cerves (Miño). Nos arredores hai un bosque de ribeira ben conservado.

#### COMO CHEGAR:

Na estrada de Melón a Ourense, xusto antes de cruzar o río Cerves, un pouco antes do acceso á autovía, atópase á esquerda un aparcamento no que hai un bar e onde comeza a “Ruta das Pozas”, sinalizada.

Ao longo de todo o percorrido vanse sucedendo, rápidos, escorregadeiras, saltos e pozas.

### FEIXA DE SANTA CRUZ OU DE CODESÁS



Entre as parroquias de Melón e Quins, no concello de Melón.

O Cerves forma unha ferverza de 40 m nunha gorxa que só pode transitarse pola súa parte alta. Está 1 Km por baixo da presa da central eléctrica e un pouco máis lonxe da pozas e feixas do Cerves en Mestas e Tourón.

#### COMO CHEGAR:

Na estrada de Melón a Ourense (N-120), un pouco antes da estación de servizo, hai un cruce que leva á esquerda a Moces e á dereita sae unha pista da terra a carón dunha nave. Déixase o coche na entrada da pista e séguese por ela, collendo, un pouco máis adiante, o primeiro desvío á dereita. Despois de atravesar un pequeno chan baixa cara ao río e vira á esquerda seguindo o trazado da tubería da central eléctrica. Despois de 700 m vemos o canón do río e as ferverzas ás que o acceso é complicado.

Tamén se pode chegar desde Codesás (1,8 km).

### A FEIXA



En Melón. O regato da Cortella (afluente do Cerves) abre unha fenda na parede granítica e salva un desnivel de máis de cen metros en sucesivos saltos e pozas, algunhas de máis de 15 m de altura, ás que é imposible achegarse.

#### COMO CHEGAR:

Na estrada de Melón á Cañiza (N-120), xusto pasada a ponte da autovía A-52 parte unha pista asfaltada que sube a Cimadevila en 400 m. Na entrada da localidade déixase o coche, crúzase por entre as casas e séguese un camiño ata chegar a unha bifurcación onde se colle o carreiro da esquerda cara ao río. Ao pouco de avanzar por el xa se ven de fronte as feixas (a uns 500 m da saída). Para ver cando o río leva auga e as árbores están sen follas.

Desde Cimadevila: 800 m

## A PENEDA



No río Arnoia, entre os concellos de Arnoia e Gomesende. O río escava un fondo canón con rochedos e grandes bosques de rebolos, érvedos e sobreiras. A ferverza da Peneda salva unha altura de 7-8 m entre un penedo granítico para caer nunha inmensa poza. Toda a zona atópase moi afectada pola existencia de varias instalacións de centrais eléctricas no cauce e nas marxes do río.

### COMO CHEGAR;

Desde A Ponte (Arnoia) cóllese a estrada de Cartelle e a 2 km baixan á dereita unhas estreitas pistas asfaltadas que conducen ás instalacións das minicentrales. Non collemos a primeira, senón outra que sae un pouco máis adiante e baixamos por ela, cando se bifurca seguimos pola da esquerda e cando esta volve a bifurcarse collemos a da dereita, un pouco descoidada, que leva a central abandonada detrás da que se atopa a ferverza. Se continuamos pola pista da esquerda chegamos á presa e se nos desviáramos pola dereita chegaríamos a central desde a que se pode facer un pequeno percorrido pola beira do río onde hai uns pequenos saltos.

Para ver a ferverza de fronte habería que cruzar o río, pero podémonos achegar a ela seguindo o camiño que pasa por enriba e por detrás do vello edificio no que hai unha derivación á parte alta do salto.

## REGO DO FAXÓN



Un rego de curto percorrido que cae no Avia desde os montes de Pena Corneira. Forma dous saltos, un en Paredes e outro debaixo de Lebosende.

### COMO CHEGAR:


A primeira ferverza está en Paredes, á dereita da estrada (de Leiro a Avión) nunha zona con muíños.

Para ir á segunda hai que ir ata a oficina de correos de Leiro, continuar o camiño uns 50 m e coller un desvío asfaltado á dereita que vai aos lugares de Eira dos Mouros e Rubial. A ferverza atópase á dereita do punto onde se cruza o río.

# O CARBALLIÑO



## POZO DO INFERNO



No río Barbañtiño (Miño). Entre os concellos de Maside e Amoeiro. Coñécese tamén co nome de ferverza de Parada ou A Ferverza.

A erosión do río nas rochas graníticas forma rápidos, pozas e ferverzas de gran beleza. A máis alta mide uns 10 m en varios saltos.

Está nunha contorna cunha vexetación moi conservada, con bos exemplares de carballos, freixos, amieiras e salgueiros. Na marxe esquerda hai un grupo de 3 muíños en serie.

**COMO CHEGAR:**

Na estrada de Punxín a Amoeiro, despois de pasar a ponte sobre o río Barbañtiño, hai unha ruta de sendeirismo (2 km) que segue o curso do río e chega á ferverza e aos muíños.

## SAN BARTOLOMEU DA FREIXA



No lugar de San Bartolomeu da Freixa na parroquia de Cameixa (concello de Boborás).

O río Viño (Avia) forma nesta zona pequenos saltos e rápidos. Un rego que desemboca nel (Porto do Carro) pola dereita ten unha ferverza en rochas de xistos de aprox. 15 m de altura en varios saltos.

**COMO CHEGAR:**

Desde Cameixa cóllese a estrada que vai a San Bartolomeu da Freixa. Pasada a ponte do río, a ferverza está no afluente á esquerda.

### POZO DOS FUMES



Na parroquia de Pazos de Arenteiro, do concello de Boborás. O río Arenteiro, afluente do Avia forma unha serie de saltos e rápidos en rochas graníticas con grandes bolos. No Pozo dos Fumes encáixase entre dous grandes penedos e cae con moita presión desprendendo gran cantidade de vapor, o que motivou o nome.

#### COMO CHEGAR:

Na estrada de Leiro a Pazos de Arenteiro, cóllese unha ruta de senderismo que comeza nos restos da Ponte da Cruz e vai río arriba uns 2 km ata o Pozo dos Fumes.

### O LOUSADO POZO DA AREA



No río Arenteiro no Lousado (Loeda-Piñor). A ferverza atópase nunha fermosa contorna, un pouco modificada pola presa para levar auga á antiga fábrica de papel de Lousado que deixou de traballar arredor de 1950.

#### COMO CHEGAR:

Na estrada de Ourense a Santiago, xusto a pasar Loeda, e antes de entrar na ponte da estrada que cruza o río Arenteiro, un desvío á dereita leva a Lousado. Na metade do camiño un desvío baixa á fábrica de papel (indicado cun cartel "Ponte Lousado"). Pasado o edificio hai un portalón e en fronte unha levada. Remontando un carreiro que segue a levada, a uns 200 m atópase a ferverza, debaixo da presa, e unha ponte de pedra.

### A CALDEIRA



No río Doade, un afluente do Avia, en Doade (Beariz). O río cae entre penedos graníticos nun pequeno canón no que se atopa un muíño restaurado.

#### COMO CHEGAR

Desde Doade cóllese a estrada a Avión e ao chegar á praia fluvial, déixase o coche. Pásase ao pé da piscina e séguese o río ata chegar a unha pontella. Temos dúas opcións, cruzala e seguir polo camiño ata o muíño que está a carón da ferverza ou seguir por un carreiro ata chegar a uns penedos á altura da ferverza, desde onde hai as mellores vistas.

### MAGROS




Nun rego afluente do Doade (Avia), en Beariz. Unha pequena ferverza con varios rápidos..


#### COMO CHEGAR

Desde Beariz cóllese a estrada ao Carballiño e despois de cruzar a ponte sobre o rego vese o río á dereita. Baixar é moi complicado.

# BAIXA LIMIA



## A FECHA-XERMEADE



Un pequeno salto no río Salas cunha enorme poza a carón duns muíños.

### COMO CHEGAR:

Baixando de Xermeade ao río, despois de cruzar a ponte, dun alarguiño á esquerda do camiño sae un carreiro que remontando o curso do río baixa a un muíño e logo sobe a un outeiro para baixar de súpeto ao río xusto ao pé do pozo da Fecha. Desde o muíño tamén se pode chegar pola beira do río.

## FECHA CARNEIRA



O rego de Salgueiros é un afluente do Salas que preto da súa desembocadura cae por uns penedos graníticos cun gran desnivel formando varias fervezas.

### COMO CHEGAR:

Desde Xermeade báixase ao río Salas, crúzase e seguese a pista que sobe a Salgueiros. Un pouco mais adiante cóllese á dereita o desvío a Prado (ten no arranque unha baliza de sendeiro certo). Séguese esta pista ata vadear o río Salgueiros e xusto despois sae á dereita un carreiro balizado que pasa preto das fervezas.

Desde Prado crúzase a ponte do río Salas pola estrada asfaltada e desvíamonos á esquerda por unha pista que vai ata a ponte vella. Remontando o río Salas polo sendeiro da ruta Clamadoira-Salgueiros podemos chegar ás fervezas.

A ruta Clamadoira-Salgueiros é de acceso restrinxido polo que é necesario solicitar permiso nas oficinas do Parque Natural.



**FECHA DE CELA  
FECHA DA BALSA**



Un salto no Salas na fronteira entre Muíños e Lobios (Cela), nunha zona de difícil acceso onde o río empeza a encaixarse.

**COMO CHEGAR:**

Na estrada de Muíños a Cela, no km 14 nunha recta en subida hai á dereita unha pedra piramidal e xusto debaixo dela está a ferverza. Pode verse desde os penedos, pero chegar abaixo sería moi complicado.

**POZO NEGRO,  
POZO DA SEIMA**



Unha fermosa ferverza de 15 m de alto cun amplo fronte que cae nun enorme e profundo pozo.

**COMO CHEGAR:**

Seguindo pola mesma estrada éntrase en Cela e déixase o coche. Crúzase o pobo seguindo sempre os camiños da dereita. Nas últimas casas, cando o camiño de cemento empeza a subir, sae pola esquerda un camiño moi abandonado que hai que seguir durante uns 200 m. Logo, pola esquerda deste sae outro, pouco evidente, pero sinalado cunha baliza de camiño errado. É o que hai que seguir. Ao comezo vai empedrado e descende bruscamente. Logo convértese en carreiro e avanza por unha carballeira para precipitarse nos últimos 150 m ata a beira do Pozo Negro.

**AS OLAS-RÍO MAO**



O Mao é un afluente do Salas que baixa do alto do Xurés (A Fontefría) e forma un fermoso canón con varias pozas e saltos.

**COMO CHEGAR:**

Cóllese a estrada de Lobios á Cela e, un pouco despois de pasar Puxedo, pasamos unha ponte. Cincuenta metros despois deixamos o coche e seguimos un camiño á dereita. Cruzamos un regueiro e na bifurcación tomamos á dereita un camiño que, remontando o río póla dereita, leva ás ferverzas da parte alta. Para ver as ferverzas da parte baixa volvemos á bifurcación, seguimos o río e cruzámolo, logo, buscando un carreiro que o remonta pola esquerda chegamos a un punto no que se ven os tres saltos principais.

**AS FORCADIÑAS**




Na ponte das Forcadiñas no río Chao de Requeixo, un afluente do Cabaleiro (Salas), na parroquia de San Paio de Araúxo (Lobios).

A ferverza que se ve desde a ponte ten 7 ou 8 metros e labra as pedras de granito con curiosas formas para acabar nunha poza estreita e fonda. Río arriba e río abaixo, hai rápidos e ferverzas máis pequenas.

**COMO CHEGAR:**

Seguindo pola mesma estrada, pasado Esperanzo, e un pouco antes de entrar en Prencibe, sae pola esquerda unha estrada que vai a Gustomeau e cruza o río. A primeira ferverza está mesmo na ponte. Para ver as de arriba hai que coller un carreiro que sobe pola parte esquerda do río e lévate a elas, primeiro pola beira do río e logo polas pedras (aproximadamente 150 m).

### REGATO DA PORTELA



O rego da Portela, é un afluente do Salas que forma unha ferverza na contorna duns muíños.

#### COMO CHEGAR:

Sóbese desde Requiás pola ruta que vai a Portela de Pitoes. No primeiro desvío de terra que se atopa a man dereita déixase o coche e, xunto en fronte del, á esquerda, baixa un camiño bastante abandonado que hai que seguir, sempre polo de arriba, ata chegar a uns muíños. Logo séguese a levada deses muíños, chégase a outros moi estragados, e pasando por enriba deles chégase á parte baixa da ferverza.

A parte media e a alta vense continuando a estrada, un pouco mais arriba, preferiblemente no inverno.

### RÍO LOBIOS



En Saa, na parroquia e concello de Lobios. O río Lobios é un afluente do Limia que baixa da serra do Xurés cun grande desnivel. A ferverza inferior ten en total 15 metros, comeza cun fermoso tobogán e logo un salto estreito a carón dun muíño. As ferverzas superiores son menores e menos espectaculares e só poden verse de lonxe.

#### COMO CHEGAR:

Desde Lobios cóllese a estrada a Saa. Xusto á saída da aldea unha pista á dereita leva en 200 metros a unha ponte sobre o río. Antes de que a pista xire á esquerda, xusto antes dunhas colmeas, sae dela, póla esquerda, un camiño que remata na levada da toma de augas ao pé da ferverza.

Para ver as de abaixo sóbese ao monte que está fronte ao camiño, onde están as colmeas, e ándase por el seguindo desde a altura o curso do río. A uns 100 m vese unha escorregadeira e un muíño, ao pé do que hai a ferverza mais grande. Pódese baixar a ela buscando o carreiro do muíño ou a valmontes. Río abaixo hai outra duns cinco m de alto.

### CORGA DA FECHA




Na parroquia de Riocaldo do concello de Lobios.

O regato da Fecha, afluente do río Caldo pola dereita, salva varios saltos cun total de 200 m de altura en rochas graníticas.

#### COMO CHEGAR:

Vaise por un camiño desde Riocaldo seguindo o antigo trazado da vía romana. Tamén se pode iniciar a ruta nos miliarios romanos, na estrada de Lobios a Portela do Home.

### RÍO VILAMEÁ



Na parroquia de Riocaldo (concello de Lobios).

O río Vilameá (Caldo-Limia) forma pozas e pequenas ferverzas en todo o seu curso. As máis interesantes son a superior, de 6 metros, e 200 m máis abaixo outra de 7 metros incluíndo un tobogán.

#### COMO CHEGAR:

En Vilameá (estrada Lobios-Portela do Homem) sóbese cara a Ermida da Nosa Señora do Xurés. Unha pista de 2 km leva cara a Ponte de Porta Paredes, dentro do Parque Natural Baixa Limia-O Xurés. Remontando o río 500 metros chégase á ferverza máis afastada.

## POZAS DE MALLÓN



No río Castro Laboreiro, afluente do Limia que discorre pola fronteira con Portugal. Na parroquia de Illa (Olelas), do concello de Lobios. Un conxunto de catro fermosas fervezas encadeadas e as súas impresionantes pozas.

### COMO CHEGAR:

Unha estrada leva de Entrimo a Olelas. En Olelas cóllese a pista que baixa ao río e séguese ata o final, déixase o coche e collendo un carreiro, que sae de alí mesmo e remonta o río, nuns 600 m lévanos ata unha pequena edificación restaurada; ou damos volta, volvemos atrás uns 200 m, deixamos o coche á sombra das mimosas, e collemos a pista que sae a esquerda e, en 750 m, nos leva ao mesmo lugar que o carreiro. Do mesmo punto no que remata a pista sae outro carreiro, atrancado cunha porta, cada pouco menos evidente, que nos permite seguir remontando o río, nalgúns puntos e difícil de seguir pero fixándose hai fitos de pedra e unhas fitas de plástico colgadas nas árbores que axudan no percorrido.

Nun treito, o máis complicado, alonxámonos do val do río, un saínte rochoso impide seguilo, pero ao chegarmos ao punto no que desaparecen as árbores, superado o saínte volvemos a recuperar a vista do val e teremos á esquerda e un pouco por detrás unha pequena elevación á que hai que achegarse para poder gozar deste magnífico conxunto ata aquí levaremos percorrido, máis ou menos, outro km

Desde Ribeiro de Baixo seguindo o río tamén se pode chegar.

## CANÓN DO LIMIA OS INFERNOS



Desde a presa das Cunchas ata o inicio do encoro de Lindoso o Limia discorre por un estreito e fondo canón entre os concellos de Muíños e Lobeira, coñecido como Os Infernos, no que forma varios saltos e numerosos rápidos.

### COMO CHEGAR:

Xusto ao rematar o poboado das Cunchas e antes de cruzar o río, sae á dereita unha estrada que vai a Cabaleiros. Desde distintos puntos dela podemos contemplar vistas do canón. Ao pouco de pasar o quilómetro 1 vese desde a estrada unha altísima ferveza con pouco caudal, pola proximidade do encoro do que non sae auga apenas. Pódese tentar seguir o río pola beira desde a zona da central.

## RÍO CADÓS



Parroquia de Cadós no concello de Bande

O río Cadós, afluente do Limia, forma varios pequenos saltos e rápidos.

### COMO CHEGAR:

Na estrada de Lobeira a Bande cóllese o desvío a Ponte Cadós e xusto debaixo da ponte hai varios saltos de acceso case imposible.

## A POMBEIRA



No río Cadós, afluente do Limia, en Bande. O río forma unha sucesión de saltos e escorregadoiras nun tramo encaixado antes de entrar no encoro das Cunchas. Na zona hai varios muíños e unha minicentral.

### COMO CHEGAR:

Na estrada de Bande a Lobios, 500 m despois de pasar a ponte sobre o río Cadós atópase unha pista á esquerda que vai a unha minicentral. Desde alí remóntase o río para chegar ás fervezas. Pola dereita por entre o mato, ou pola esquerda despois de cruzar unha pontella que hai fronte á minicentral.

### RÍO NAU



O río Nau nace nos montes de Santa Eufemia e baixa ao Limia no encoro do Lindoso. En parte do seu curso, no que hai numerosos rápidos e pequenos saltos, faise a “ruta dos Muíños”.

#### COMO CHEGAR

Unha ruta indicada (río Nau ou Mau) circular, de catro quilómetros, sae da casa da Escusalla e percorre as beiras do río.

### RÍO AGRO



En Entrimo. Un afluente do Limia que baixa entre os montes de Quinxo e de Queguas. Ten un curto percorrido con varias zonas de rápidos e pequenas fervezas.

#### COMO CHEGAR

Unha ruta indicada (río Agro) sae de Terrachán (Entrimo) e segue o curso do río durante un bo tramo no que se atopan muíños e pontes tradicionais. O percorrido completo son 14 quilómetros.

### POZO CAÍDO RÍO PACÍN



En Entrimo. No río Pacín (Casal ou da Montaña). Nas proximidades atópase a área de lecer de Ponte Pacín con pozas e pequenas fervezas.

#### COMO CHEGAR:

Desde a Feira Vella (Entrimo) cóllese a pista da praia fluvial, que sae a carón da casa rural (mesmo no cruce de estradas) e séguese ata o final, crúzase o río e déixase o coche. Desde alí cóllese o camiño que remonta o curso do río e pasados 700 m (xusto no punto en que empeza a gañar altura) sae un desvío á dereita que leva ao río, nesse punto crúzase e remóntase o curso, outros 700 m, por carreiros máis ou menos marcados ata chegar á ferveza. Se seguimos a pista, 3 km, vemos desde ela, e sin posibilidade de achegarse, varias fervezas máis.



### CORGA DAS ROZADAS



En Queguas (Entrimo). A Corga das Rozadas é un afluente do río da Montaña (chamado tamén Pacín ou do Casal) que baixa dos cumes do Leboreiro nunha serie continuada de rápidos e pequenos saltos. Na contorna consérvase unha boa vexetación de ribeira, matogueiras e reboleiras.

#### COMO CHEGAR:

Desde as últimas casas de Queguas cóllese un camiño á dereita que nos leva ata unha pontella de pedra onde conflúen a Corga das Rozadas e o río da Montaña. Pásase a ponte e remóntase o río pola marxe esquerda. Enseguida se atopan un par de pequenas fervezas.

## FECHA DO FRAGÓN CORGA DAS ROZADAS



En Queguas (Entrimo), nun rego afluente da Corga das Rozadas (afluente do río da Montaña). Nun curto percorrido salva un grande desnivel no que alterna fervezas e pozas.

### COMO CHEGAR:

Desde as últimas casas de Queguas cóllese un camino á dereita que nos leva ata unha pontella de pedra onde conflúen a Corga das Rozadas e o río da Montaña. Pásase a ponte e remóntase o río pola liña dos cumes da Fandía, por onde se poida, ata chegar preto do cumo máis alto e desde alí baixamos a uns penedos desde onde se ve a ferveza.

## CORGA DE PORTO MOSTEIRÓN



En Grou (Lobios)

A Corga de Porto Mosteirón é un pequeno rego que baixa da serra do Leboreiro ao río da Montaña salvando uns 150 m de desnivel.

### COMO CHEGAR:

En Reguengo cóllese a estrada que sube á capela de San Bieito. Déixase o coche na explanada e séguese a pista á esquerda que baixa apegada ao valo que rodea a capela. Ao pouco cóllese o primeiro desvío á dereita e a 2,5 km atopamos o rego que cruza o camiño. Para ver unha panorámica da ferveza completa compre seguir outros 500 m ata onde a pista cambia de dirección. Tamén se ve desde Venceáns, na estrada de Entrimo a Queguas.

## CORGA DO POLEIRO



No rego da Corga do Poleiro, unha das cabeceiras do Fragoso ou Grou (Limia), en Parada do Monte (Lobeira). O río cae dun gran desnivel desde a serra do Leboreiro formando unha sucesión de saltos e rápidos.

### COMO CHEGAR:

Desde a estrada de Lobeira (A Vila) a Bande cóllese un cruce a Parada do Monte e desde alí séguese en dirección a Senderiz. Crúzase o río e alí mesmo, á dereita da estrada sube unha pista pola que podemos achegarnos a ver a fervezas. Un camiño que sae, á esquerda, no km 1 da estrada que vai á Fraga achéganos a parte alta da ferveza de arriba.

## RABO DE BESTA



En San Xes de Vilariño (Lobeira). No rego Rabo de Besta, un afluente do Grou (Limia) que baixa da serra do Leboreiro escavando un fondo val no que forma numerosos saltos.

### COMO CHEGAR:

Na estrada de Parada do Monte, xusto enriba de San Xes de Vilariño, un pouco antes de chegar a San Xes de Vilariño, atópase á dereita da estrada un cuberto ao pé do que sae un camiño indicado como ruta das Mámoas. Seguimos ese camiño uns 350 m ata atopar un desvío á esquerda con sinais que indican Queguas e San Bieito. Seguímolo durante 1 km ata chegar a un afluente onde podemos ver dúas fervezas. Despois de cruzar o afluente o camiño faise carreiro de gando e hai que seguir subindo por onde se poida ata chegar ás fervezas (aproximadamente outros 800 m).

### **CORGA DO CASTRELO**



Nun afluente do Grou (Limia), entre Torneiros (Lobeira) e Grou (Lobios).

#### **COMO CHEGAR:**

Pola estrada de Torneiros a Grou crúzase o río e vense as fervezas a carón dun vello muíño. Nese punto conflúen dous regueiros, cada un deles coas súas fervezas.


### **CORGA DA FEIXA**



Nun pequeno regato, cabeceira do rego de Illa (afluente do Limia) que baixa da serra do Quinxo.

**COMO CHEGAR:** na estrada de Entrimo á Illa, á entrada da Illa crúzase o río e desde a ponte vense dous pequenos saltos.


### **CORGA DA FECHA**



Nunha das cabeceiras do rego de Illa (afluente do Limia) que baixa da serra do Quinxo.

**COMO CHEGAR:** na estrada de Entrimo á Illa, á entrada da Illa, á dereita da estrada hai unha instalación industrial e xusto a carón dela vese a ferveza. Podemos achegarnos por un carreiro que baixa ao río apegado ao valado.

# TERRA DE CELANOVA



## REGO DAS ENFORNADAS



Na parroquia de A Torre do concello de Padrenda. O rego das Enfnadas é un pequeno afluente do Deva que se bota nel desde unha gran altura por unha estreita fenda na rocha metamórfica formando un salto moi difícil de ver entre a vexetación.  
COMO CHEGAR:  
Desde Quintela de Leirado collemos a estrada a Padrenda e un pouco antes de chegar ao Couto (Gomesende) cóllese á esquerda unha pista sinalada que leva en 2,9 km á central do Deva. Remontando o río 50 m vese en fronte, na outra beira do Deva, a caída do rego das Enfnadas. O Deva nesta zona ten tamén pequenas fervezas difíciles de ver.

## RÍO DEVA (FONDÓS)



Na parroquia de Leirado (Quintela de Leirado). O río Deva forma unha caída de 7 ou 8 m, entre grandes penedos graníticos.  
COMO CHEGAR:  
Na estrada de Quintela de Leirado a Mociños, un quilómetro despois de pasar o río hai un cruce de camiños. Déixase o coche na entrada do da dereita e cóllese o da esquerda; despois duns cen metros cóllese outro camiño á esquerda que cruza un regato e séguese por un carreiro ata chegar ao río Deva. Logo remóntase o río uns 100 m ata as fervezas.

### RÍO GORGUA (FREÁNS)



Na parroquia de Crespos (concello de Padrenda). O Gorgua, chamado máis abaixo río de Crespos, é o afluente máis importante do Deva. Entre Esmoriz e Freáns ten un percorrido cun grande desnivel nun canón onde forma sucesivos saltos.  
**COMO CHEGAR:**  
Na ponte de Freáns (Padrenda) comeza unha ruta acondicionada con fortes pendentes que segue río arriba e pasa ao pé das fervezas máis importantes (2 horas). Tamén se pode acceder desde Esmoriz polo camiño que vai á ponte medieval.

### CORGA DAS PEREIRAS



Na parroquia de Crespos (concello de Padrenda). O Gorgua, chamado máis abaixo río de Crespos, é o afluente máis importante do Deva. Entre Esmoriz e Freáns ten un percorrido cun grande desnivel nun canón onde forma sucesivos saltos.  
**COMO CHEGAR:**  
Na ponte de Freáns (Padrenda) comeza unha ruta acondicionada con fortes pendentes que segue río arriba e pasa ao pé das fervezas máis importantes (2 horas). Tamén se pode acceder desde Esmoriz polo camiño que vai á ponte medieval.

### SALTO DO GATO RABO DE GATO



No río Salto do Gato, afluente do Deva, na parroquia de Xacebás (Quintela de Leirado-Ourense). Varios saltos sobre rochas graníticas nun estreito cavorco de gran desnivel.  
**COMO CHEGAR**  
Pola estrada de Bande a Pontebarxa cóllese o desvío a Xacebans e sóbese ao monte Pena Gache. Desde arriba pódese ver a ferveza. O acceso é moi difícil, hai que baixar polo monte entre os penedos.

### RÍO GATO



Un afluente do Arnoia que en terras do concello de Cartelle forma un estreito e profundo canón antes de se botar no Arnoia. Pasado Madarnás forma numerosas fervezas, a última na súa desembocadura (Pozo do Gordo).  
**COMO CHEGAR:**  
Desde Cartelle vaise a Madarnás e de alí á área de lecer do Silandeiro por un camiño de terra. A ruta baixa pola dereita do río ata a súa desembocadura. Pódese facer circular subindo por Sande e baixando polo Toural. A parte máis interesante é o canón do río que se fai por unha ruta de bastante dificultade acondicionada, ben sinalizada, pero con tramos atrevidos.



# A LIMIA



## FÍRVEDA




Na Forxa, no concello da Porqueira, no linde co dos Blancos. O río Fíveda (Limia) salva un resalte granítico cun varias fervezas nun estreito canón.

### COMO CHEGAR:

Na estrada de Xinzó de Limia a Bande cóllese a cruce que atravesa a vila de A Forxa (capital do concello da Porqueira). Seguindo un camiño á dereita do río chégase ás fervezas

# VERÍN

TERRA  
DE TRIVES



## REGO DO CORNO



Un afluente do Río das Cabras ou de Correchoso que cae desde o monte do Corno (Toro) nunha longa serie de saltos que rematan no fondo do barranco da Armada, uns 300 m máis abaixo.

### COMO CHEGAR:

Na estrada de subida a Toro atópase un cruce que á dereita leva a Cervedelo e á esquerda á pista do Marroquí. Baixando pola pista, a 2 km, chegamos á boca do túnel ao pé do que cae o Rego do Corno.

### **REGO DE BARXAS OU DA PROFITA**



Un afluente do río do Cereixo (Támega) que baixa da Portela do Campo dos Carros formando varios saltos.

#### **COMO CHEGAR**

Na estrada de Toro a Cervedelo, entre as dúas bocas do túnel baixa o regueiro que, xusto debaixo da estrada, forma unha fermosa ferverza en dous saltos. Para chegar ao pé da ferverza báixase polo vertedoiro de balastro ata chegar a unha levada que hai que seguir uns metros ata onde o terreo permite acceder ao río. Logo remóntase o río pola canle.

### **REGO DE AUGAS ALTAS**



Un afluente río do Cereixo (Támega) que Baixa do alto da Verea.

#### **COMO CHEGAR**

Na estrada de Laza a Cervedelo, pasado o cruce de Toro e antes de chegar ao de Trez vese nunha curva por enriba da estrada. Só é posible achegarse, con dificultade, á parte a arriba, onde está reforzada cun atranco.

### **TREZ OS MUIÑOS**



En Laza, no río Trez, afluente do Correchoso que baixa da serra de Fial das Corzas. Está modificada pola presa dun muiño.

#### **COMO CHEGAR:**

Na estrada de Laza a Chandrexa de Queixa, despois de 3 km vese a ferverza á dereita da estrada.

Máis arriba, nun afluente do Trez hai outro salto, á esquerda da estrada, onde se cruza unha ponte.

### **FRAGA DE LOBOS POZO DO DEMO**



En Abedes (Verín). No Rego das Quintas, un afluente do río Abedes que nace no monte Fraga de Lobos e forma un val encaixado con pequenos saltos e rápidos en rochas graníticas.

#### **COMO CHEGAR:**

Cóllese a estrada de Verín a Cabreiroá e pásase por debaixo da ponte da autovía.

### AS OLAS CIDADELA



Na parroquia de Soutochao do concello de Vilardevós. O rego do Pontón é un afluente do Mente que vai moi encaixado e forma numerosos saltos e rápidos. A ferverza máis alta cae uns 15 m do cume dunha crista de cuarcitas, e máis adiante ten varios rápidos e dúas ferverzas máis pequenas. A vexetación é de tipo mediterráneo: aciñeiras, erbedos, estevas, breixos, carqueixas, cantroxos...  
**COMO CHEGAR:**  
Cóllese a estrada de Vilardevós en dirección a Portugal, despois de pasado Soutochao e xusto antes da fronteira antes de chegar a Sigirei hai un cartel que sinala unha área de lecer. Antes de chegar á ferverza hai unha área de muíños (A Cidadela) e un paseo pola beira do río (Ruta do Contrabando).

### CACHÓN DA CENZA



No rego do Porto do Carro, unha das cabeceiras do Mente. Na parroquia do Piornedo (Castrelo do Val).

#### COMO CHEGAR:

Desde Fumaces e A Trepa, na entrada de San Cristobo, collemos o desvío a Piornedo. Entramos na localidade e cruzámola seguindo a rúa da esquerda, logo unha pista de 2,5 km, lévanos primeiro a cruzar o río e uns 500 m máis adiante a unha curva ao pé dunha plantación de piñeiros ao que lle serve de cortalumes. Nese punto deixamos a pista e imos á esquerda pola liña de protección do piñeiral ata onde remata, uns 800 m, e á esquerda vemos unha fraga, chámalle así, alí, ás masas rochosas que sobresaen do terreo, que cruza o río no punto no que está a ferverza.

### CENZA DAS MOAS



No rego das Moas, un afluente do Mente. En Cortegada, na parroquia de Trasaestrada (Ríós).

#### COMO CHEGAR:

Pódese ir desde O Piornedo seguindo pola estrada ata Cortegada, xa no concello de Ríós, onde pasada a localidade, e antes de chegar ao desvío a Sanguñedo, atopamos, á dereita da estrada, un alargamento que os veciños usan como vertedoiro, onde paramos. Por debaixo deste sitio corre o río ao que baixamos seguindo as lastras de material máis resistente (cuarcitas) nas que o río forma dúas ferverzas. Tamén se pode ir ata Cortegada desde As Vendas da Barreira.

### REGO DO PICO



No rego do Picho, unha das cabeceiras do Búbal ou Buble, en San Millán (Cualedro)

#### COMO CHEGAR:

De Cualedro tómase a estrada a Portugal pola Xironda e alí o desvío a San Millán, 1 km antes da localidade atópase, á esquerda da estrada, o camiño que leva ao castro. Pódese facer a pé nun paseo de 1,5 km (lineal). A carón do castro, no rego do Picho hai unha pequena ferverza e os restos dun muíño.

## ESPIÑO



En Espiño (Oímbra), no río Azueira, un afluente do Búbal.

### COMO CHEGAR:

Pola estrada de Oímbra a Videferre, vaise a Espiño, crúzase a localidade e báixase cara o río polo camiño das viñas. Hai un desvío á esquerda que baixa ao río e uns muíños onde hai unhas pequenas fervenzas. Un pouco máis adiante, ao chegar á última viña rodéase polo camiño que pasa por debaixo e búscase un carreiro, que baixa ao río entre xestas e rebolos para chegar a outra fervenza.

## REGO DA FERVENZA




En Vence (Monterrei), no rego da Fervenza, un afluente do Támea que baixa dos montes da Meda.

### COMO CHEGAR:

Na entrada de Verín cóllese o desvío a Vence e Arcucelos e un pouco antes de chegar a esta última localidade unha pista de terra á esquerda que sobe polo monte e nos permite ver a fervenza desde o alto. Para baixar ao pé da fervenza hai que coller un desvío á dereita. Tamén se pode chegar a pé desde Arcucelos.

# VIANA



## ARCOS



Na parroquia de Pradoalvar (Vilariño de Conso). No circo glaciario de Guasenza (O Figueiro), nos Montes do Invernadeiro, no interior do Parque Natural. No comezo do seu percorrido, debaixo do Pico Seixo, o río Ribeira Grande, afluente do Camba, forma unha fermosa ferverza nunha paraxe cunha vexetación autóctona moi ben conservada: carballos, carbas, acivros, bidueiros, cerquiños...

### COMO CHEGAR:

Cóllese a estrada de Verín a Campobecerras e unha vez no parque déixase o coche na aula da natureza e faise o percorrido a pé.

Para acceder ao Parque Natural do Invernadeiro precísase autorización previa da Consellería de Agricultura de Ourense. A zona da ferverza é unha reserva integral que non se pode visitar agás autorización especial.

## CORGA DAS RUBIAS



Na parroquia de Pradoalvar (Vilariño de Conso). No interior do Parque Natural do Invernadeiro. A Corga das Rubias é un afluente do Ribeira Pequena (Camba-Bibe)

### COMO CHEGAR:

Cóllese a estrada de Verín a Campobecerras e unha vez no parque déixase o coche na aula da natureza e faise o percorrido a pé. A ferverza vese seguindo pola beira do río Ribeira Pequena, antes de chegar ao encoro.

Para acceder ao Parque Natural do Invernadeiro precísase autorización previa da Consellería de Agricultura de Ourense.

### **CORGO DO REBOREDO-GORBIAS**



En Entrecinsa, na parroquia de Sabuguido (Vilariño de Conso).  
No regato Veigas de Camba que desemboca no Conso. É un salto en lousas de aproximadamente 20 m de altura.

#### **COMO CHEGAR:**

Vese desde a estrada que vai ao encoro do Camba e Pradoalbar.

### **CORGA DA LOUSEIRA**



San Mamede de Edradas (Vilariño de Conso).

Nun afluyente do río Conso ou Cerveira que cae en varios saltos no encoro de Edradas.

#### **COMO CHEGAR:**

Pola estrada que vai desde o encoro das Portas a Pradoalbar.

### **CORGA DE SUAFRAGA**



San Mamede de Edradas (Vilariño de Conso).

Nun afluyente do río Conso ou Cerveira.

#### **COMO CHEGAR:**

Pola estrada que vai desde o encoro das Portas a Pradoalbar cóllese o desvío a Edradas e crúzase o río Conso. Ao pouco xúntase coa Corga da Suafraga que cae nun gran desnivel.

### **CORGA DO VAL DO CENZA**



Nun afluyente do río Conso ou Cerveira. En Pradoalvar (Vilariño de Conso)

#### **COMO CHEGAR:**

Na estrada que vai desde o encoro das Portas a Pradoalbar, vese desde a estrada un pouco antes de chegar a Pradoalvar.

## PRADOALVAR



No río Cerveira (Conso) en Pradoalvar (Vilariño de Conso).

### COMO CHEGAR:

Desde Vilariño de Conso imos a Pradoalvar. A ferverza atópase no comezo da ruta que sae de Pradoalvar cara á serra (castelo de Cerveira)

## CENZA



Na parroquia de Castiñeiras do concello de Vilariño de Conso.

O río da Cenza (Conso-Bibeí) nace na Serra da Queixa e á altura de Castiñeiras salva un desnivel en rochas graníticas de máis de 100 m de altura (é a ferverza máis alta de Galiza). Antes do salto o río forma un pequeno canón con varios saltos máis pequenos, pozas e rápidos.

A zona está moi deteriorada por unha canteira e o caudal do río está moi diminuído polo encoro que ten no curso alto.

### COMO CHEGAR:

Pola estrada de Vilariño de Conso a San Cristovo cóllese un desvío a Castiñeiras. Un pouco antes de entrar cóllese unha pista á esquerda que vai á parte alta da ferverza.

A ferverza pódese ver mellor desde a estrada que vai pola outra beira do val. Tamén se pode acceder por un carreiro a pé seguindo o río desde Vilariño de Conso

## PRADORRAMISQUEDO



No río Bibeí, en Pradorramisquedo (Viana do Bolo)

### COMO CHEGAR:

A estrada que vai de Viana do Bolo a Pradorramisquedo e Porto de Sanabria segue o canón do Bibeí. En diversos puntos pódense ver vistas espectaculares do río, ferverzas, pozas... As máis destacadas atópanse preto da estrada á esquerda antes de chegar a Pradorramisquedo.

## VILASECO



En Vilaseco da Serra (Viana do Bolo). No rego da Serra ou dos Muíños, afluente do Bibeí que cae da serra do Canizo.

### COMO CHEGAR:

Vese desde Dradelo, na estrada que segue o val do Bibeí desde Viana do Bolo a Pradorramisquedo.



## PARADELA



Rego de Porto Ferrado (Bibeí). Entre Rubiais e Paradelá (Viana do Bolo)

### COMO CHEGAR:

Pola estrada de Viana do Bolo a Rubiais e Quintela de Humoso. Vese a carón da estrada ao cruzar o río, despois do cruce de Parada e antes de chegar a Rubiais.

## PIXEIROS



No rego das Corgas (Canela-Camba-Bibeí). En Pixeiros (Viana do Bolo).

### COMO CHEGAR:

Na estrada de A Gudiña a Viana do Bolo collemos o desvío a Pixeiros. Nunha curva antes de chegar a Pixeiros cruzamos o río e vemos a ferverza.

# VALDEORRAS



## PORTOMAO A FERVENZA



No lugar da Fervenza, na parroquia de Santa Mariña do Monte (O Barco de Valdeorras). Ten máis de 25 m de caída nunha parede de lousas chea de brións e fentos.

### COMO CHEGAR:

Desde O Barco de Valdeorras crúzase a ponte de Viloira e cóllese á dereita unha estrada que indica Cesures e A Fervenza. Pásase a aldea, rodeando a igrexa, e continúaase por unha pista á dereita, que baixa cara uns viñedos. Nunha das revoltas aparece indicado un carreiro que leva mesmo á base da fervenza.

## TEIXIDAL DE CASAIO



No rego do Penedo, unha das cabeceiras do San Xil (Casaio-Sil), no interior do Teixidal de Casaio, situado na vertente norte de Pena Survia, no macizo de Trevinca.

### COMO CHEGAR

Desde A Fonte do Couto collemos a ruta a Trevinca e no alto da Cabrita, o desvío ao Teixidal. Percorremos o interior do bosque río arriba e polo ruído descubriremos as fervezas. O percorrido son uns 8 km de dificultade alta.

Outra opción, máis longa, sería volver polas minas de Valborraz.

## XARES



O río Xares nace na serra do Eixe, debaixo de Pena Trevinca e no seu primeiro tramo cae por varios escalóns rochosos das paredes do antigo val glaciar formando en cada un deles varias fervezas.

### COMO CHEGAR

Remontando o curso do Xares desde A Ponte.

## ESCAVADOIRO



Un grupo de fervezas no curso alto do Xares, ao pouco do seu nacemento. A de máis altura é na caída do Escavadoiro.

### COMO CHEGAR

Desde A Ponte subimos ao Fial pola ruta da Lagoa da Serpe, desde alí baixamos ás cabeceiras do Bibei e seguimos un sendeiro, que por veces desaparece, que sube a Trevinca rodeando A Troitada e o Turrieiro ata chegar aos chozos do Escavadoiro. Atopamos varias fervezas seguindo o río. A máis alta está xusto debaixo do Turrieiro e cae no interior dunha gran fenda nas paredes rochosas. Para vela hai que cruzar o río e baixar uns 200 m pola outra beira dando un pequeno rodeo.

## A MORTEIRA



En Xares (A Veiga). No rego do Cavorco, un afluente do rego da Morteira (Xares) que baixa da Valigota, na Serra Calva.

### COMO CHEGAR.

Desde Xares, a carón do hotel El Ciervo, vaise polo interior do Coto ata a área de lecer situada nunha fermosa paraxe no circo glaciar da Morteira. Desde alí cóllese pola dereita ata atopar o rego e seguilo cara arriba ata dar coa ferveza.

## AS BURACAS




En Seoane (A Veiga), no río da Canda (Xares-Bibeí).

### COMO CHEGAR:

Desde A Veiga cóllese a estrada que vai a Valdín e Seoane. Crúzase o río e remóntase polo camiño que vai pola conducción de auga (1,5 km aprox.).

# TERRA DE CALDELAS



## RÍO CALDELAS



Xusto debaixo de Castro Caldelas o río Caldelas (Edo) forma un profundo canón de moi difícil acceso, explotado por varias minicentrais que merman moito o seu caudal. Nese tramo hai varios saltos de 5 a 8 m de altura.

**COMO CHEGAR:** na estrada de Castro Caldelas a Trives cóllese, na saída de Castro Caldelas, o desvío a Alais e séguese ata cruzar o río. Despois de pasar a ponte unha pista de terra, á esquerda, baixa á presa e segue río abaixo; máis adiante vira á esquerda e remata no río, a carón dunha minicentral. A ferverza atópase detrás do edificio. Para ver outros saltos hai que seguir, máis abaixo, polo cauce do río, o que é moi complicado polo abrupto do relevo e a abundancia de mato.

### O CACHÓN



En San Paio de Abeleda (Castro Caldelas). No Río dos Vaos, afluente do Edo (Sil) que discorre dando pinchos nun tramo encaixado entre un ben conservado bosque de ribeira.

#### COMO CHEGAR:

Pola estrada da Teixeira a Castro Caldelas, a 3 km da Teixeira crúzase o río dos Vaos e ao pé da ponte un letreiro indica Fervenzas do Cachón. En escasos dez minutos un camiño, que se fai carreiro, lévanos á máis alta, aínda que ao longo de todo o percorrido vense pequenos e numerosos saltos.

### REGO DO PORTO



No Rego do Porto, afluente do río dos Vaos (Edo-Sil)

#### COMO CHEGAR:

Pola estrada da Teixeira a Castro Caldelas, vese desde a antes de chegar ao río dos Vaos.

### CANÓN DO MAO




No linde entre os concellos de Parada de Sil e A Teixeira. O río Mao baixa de San Mamede ao Sil. Despois de pasar a zona chan de Montederramo, a partir de Vilariño frío forma un estreito canón granítico no que hai numerosos rápidos e varias fervenzas, nunha zona de moi difícil acceso.

#### COMO CHEGAR:

Desde Castiñeiras de Seoane (Parada de Sil) cóllese a cruce que vai á Forcas e, despois de cruzar o río e pasar un cruce (seguimos pola dereita) na primeira curva pechada á esquerda comeza a ruta nun lugar onde se atopa un cartel indicador. As fervenzas vense desde o camiño que segue a antiga levada da central.

### RÍO MAO



No linde entre os concellos de Parada de Sil e A Teixeira.

#### COMO CHEGAR:

Desde Parada de Sil cóllese a estrada á Teixeira e crúzase o río Mao. Alí pódese remontar un pouco o río polo canón para ver pequenos saltos. Río Abaixo hai unha ruta acondicionada pola antiga central.


### **REGO DE FORCAS**



Un afluente do Mao que baixa ao canón pola esquerda desde o lugar das Forcas. Cae dun gran desnivel formando numerosos saltos de pouca altura.

**COMO CHEGAR:**  
Pola ruta do Canón do Mao.

### **REGO DA SENRA**



Un afluente do Mao que baixa ao canón pola esquerda desde o lugar da Senra. Cae por paredes rochosas formando numerosos saltos e fervezas. A máis importante (duns 20 m de altura) vese de lonxe.

**COMO CHEGAR:**  
Pola ruta do Canón do Mao.


### **REGO DE FIÓS**



En Entrambosríos (Parada do Sil). O rego de Fiós é un afluente do Batán (Sil) que forma pequenas fervezas nunha zona onde se atopan varios muíños e uns castiñeiros monumentais.

**COMO CHEGAR:**  
Desde Parada de Sil séguese a estrada á Teixeira e a poucos quilómetros aparece o desvío a Entrambosríos. A ferveza atópase ao cruzar o río.

# TERRA DE TRIVES



## CASTELIGO RÍO DORELLE



Na parroquia de Casteligo, no concello de Chandrexa de Queixa. O río Casteligo, afluente do Navea encáixase nun pequeno canón con pozas e rápidos e pouco antes de desembocar no Navea forma unha fermosa ferverza entre rochas graníticas. Está rodeada de bidueiros, amieiras, salgueiros e rebolos.

### COMO CHEGAR:

Na estrada que vai de Chandrexa de Queixa a Pobra de Trives, vese a ferverza de lonxe, antes de chegar á ponte que cruza o río e a lugar de Os Chaos. Para acceder a elas pódese baixar, con moita dificultade desde unha curva onde hai unha caseta de parada de autobús. Baixase por uns lameiros e por enriba de enormes penedos.

### **CORVIDO**



En Navea (Pobra de Trives). O Corvido é un pequeno afluente do Navea que se xunta a el case na súa desembocadura.

#### **COMO CHEGAR:**

Desde Pobra de Trives báixase a Montefurado seguindo o Val do Navea, por unha estrada cunhas vistas espectaculares. A fervenza vese á esquerda da estrada que vai á central do Bibeí e a Montefurado.

### **CORGA DA PONTIÑA**



En Buzqueimado-Casteligo (Chandrexa de Queixa), no rego da Pontiña, un afluente do Dorelle (Navea).

#### **COMO CHEGAR:**

Na estrada que vai de Chandrexa de Queixa a Pobra de Trives, pasado o lugar de Buzqueimado ao chegar á ponte atópanse os saltos por enriba e por debaixo da estrada.

### **RÍO SAN LÁZARO**



No linde entre Manzaneda e Pobra de Trives.

O río de San Lázaro baixa desde Manzaneda ata o Bibeí formando un profundo canón. Na súa caída forma varios saltos de difícil acceso. O máis visible ten un 15 m de altura.

**COMO CHEGAR:** desde Pobra de Trives cóllese a estrada a Manzaneda ata Sobrado. Para ver a parte alta cóllese unha pista de terra que vai ata os viñedos da Camparada.

Para achegarse hai que ir ata o pazo Barbeirón e por dentro da finca chegar á granxa e, desde alí, por fóra do peche de arame que separa os prados, camiñar cara ao río. Un sendeiro pouco evidente que pasa por enriba da zona do tendido eléctrico leva á parte alta do salto. Para poder velo hai que cruzar o río e “atreverse” a baixar pola empinada e difícil ladeira.



### **NAVEA**



En Navea (Pobra de Trives). No rego das Cabanas, afluente do Navea que baixa do Cerengo

#### **COMO CHEGAR:**

Desde San Xoán de Río baixamos a Navea seguindo o canón do río por unha paisaxe de vistas espectaculares. No camiño cruzamos o rego das Cabanas e a ferverza está a carón da estrada.

Tamén se pode ir desde a Pobra de Trives.

### **REGO DE LAMAS**



No rego das Lamas, afluente do San Miguel (Bibeí);

#### **COMO CHEGAR**

Na estrada de Manzaneda a Vilariño de Conso collemos o desvío a Requeixo, e de alí a ruta que vai a Prado. Ao chegar ao río remontámolo antes de cruzalo e ao pouco vense as ferverzas, no fondo dun val glaciar.

### **REGO DE CERNADO**



Na Reigada (Manzaneda) no rego de Cernado, un afluente do Bibeí que baixa por un estreito canón con numerosos rápidos e ferverzas.

#### **COMO CHEGAR:**

Na estrada de Manzaneda a Vilariño de Conso, ao pasar A Reigada cóllese o desvío que vai á Cambela pola presa do Vao.

A ferverzas atópanse á beira da estrada nunha zona onde o río se encaixa.

# OURENSE



## LOUREIRO



No lugar de Loureiro, parroquia de Vilar de Cerreda (concello de Nogueira de Ramuín). O rego da Ponticela bótase no Sil atravesando por unhas paredes graníticas nas que forma varios rápidos e fervenzas cun desnivel total de máis de 100 m, difíciles de ver pola vexetación e a falla de acceso. A superior, por baixo da presa, pode verse desde arriba.

### COMO CHEGAR:

Desde Ribas de Sil cóllese a estrada a Loureiro e logo un desvío á esquerda por unha estrada que descende ao encoro de Santo Estevo. Por baixo da presa de Muíños está a primeira das caídas; as seguintes entrevense ao cruzar a estrada o río.

## PUGA



No rego de Puga, afluente do Miño, na parroquia de Puga (Toén).

### COMO CHEGAR:

Pola estrada de Ourense a Cortegada cóllese o desvío a Puga e séguese en dirección a Paredes e Toén. A fervenza está un pouco arriba da ponte onde se cruza o río, antes de chegar a Paredes.